

## **COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)**

### **OPCION 1**

*A instauración da Segunda República supón o inicio dunha serie de reformas en diversos ámbitos, como os que aparecen reflectidos nos documentos 1, 2 e 3. Á luz dos textos, debes comentar cada unha das cuestións que se citan neles, sen esquecer tratar no seu conxunto a política de reformas atendendo á súa caracterización xeral, ás forzas sociais e políticas que a promoveron e a aquelas que se opuxeron (Doc.4), e aludindo ás derivacións ou desenlace da confrontación en torno a tales medidas.*

#### **Doc. 1.-No seguinte discurso (13 de outubro de 1931), Manuel Azaña refírese aos principais problemas que debe afrontar a República, prestando especial atención á cuestión relixiosa:**

“A revolución política, é dicir, a expulsión da dinastía e a restauración das liberdades públicas, resolveu un problema específico de importancia capital, ¡quen o dubida!, pero non fixo máis que suscitar e enunciar aqueles outros problemas que han transformar o Estado e a sociedade españois ata a raíz. Estes problemas, ao meu curto entender, son principalmente tres: o problema das autonomías locais, o problema social na súa forma máis urxente e aguda, que é a reforma da propiedade, e este que chaman problema relixioso, e que é en rigor a implantación do laicismo do Estado con todas as súas inevitables e rigorosas consecuencias. Ningún destes problemas os inventou a República (...). Refírome a iso que chaman problema relixioso. A premisa deste problema, hoxe político, fórmuloa eu desta maneira: España deixou de ser católica”.

#### **Doc. 2.-Lei de Bases da Reforma Agraria (1932):**

“Base 5ª. Serán susceptibles de expropiación as terras incluídas nos seguintes apartados:

1º. As ofrecidas voluntariamente polos seus donos (...).

4º. As fincas rústicas de Corporacións, fundacións e establecementos públicos que as exploten en réxime de arrendamento, parceria ou calquera outra forma que non sexa explotación directa (...).

5º. As que polas circunstancias da súa adquisición, por non seren explotadas directamente polos adquirentes (...), deba presumirse que foron compradas con fins de especulación ou co único obxecto de percibir a súa renda.

6º. As que constituíron señoríos xurisdiccionais (...).

7º. As incultas ou manifestamente mal cultivadas (...).”

#### **Doc. 3.-O 21 de setembro de 1932, a Gaceta de Madrid publicou o Estatuto de Autonomía de Cataluña:**

Art. 1º. Cataluña constitúese en rexión autónoma dentro do Estado español, de acordo coa Constitución da República e o presente Estatuto. O seu organismo representativo é a Generalitat (...).

Art. 2º. O idioma catalán é, como o castelán, lingua oficial en Cataluña (...). Dentro do territorio catalán, os cidadáns, calquera que sexa a súa lingua materna, terán dereito a elixir o idioma oficial que prefiran nas súas relacións cos tribunais, autoridades e funcionarios de todas clases, tanto da Generalitat como da República (...).

Art. 11º. Corresponde á Generalitat a lexislación exclusiva en materia civil, agás o disposto no artigo 15, número 1, da Constitución, e a administrativa que lle estea plenamente atribuída por este Estatuto”.

#### **Doc. 4.-Manifiesto electoral da Candidatura antimarxista por Madrid (outubro de 1932):**

“Os candidatos da coalición antimarxista defenderán resoltamente a necesidade dunha inmediata derogación, pola vía que en cada caso proceda, dos preceptos, tanto constitucionais como legais, inspirados en designios laicos e socializantes (...); traballarán sen descanso para lograr a cancelación de todas as disposicións confiscadoras da propiedade e persecutorias das persoas, das Asociacións e das crenzas relixiosas (...).

A impedir que a política anticatólica, antieconómica e antinacional, representada polo socialismo e os seus subalternos auxiliares, máis o menos descubertos ou subrepticios, prevaleza ou sequera inflúa predominantemente, como ata agora, na gobernación do Estado, irán vigorosa e enerxicamente encamiñados todos os nosos esforzos”.

## **COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)**

### **OPCION 2**

*Os documentos seguintes deben permitirche elaborar un texto que teña por asunto central a vida política durante o reinado de Isabel II. Enfrontado desde os seus inicios á pretensión carlista (Doc. 1), os principais protagonistas do xogo político foron os progresistas (Doc. 2) e os moderados (Doc. 3), con claro predominio dos segundos. A aparición e desenvolvemento doutras forzas políticas opositoras ao réxime (Doc. 4) rematarían propiciando a caída da raíña por medio dun pronunciamento militar (Doc. 5), recurso frecuentemente utilizado para promover cambios de goberno. Lembra que non se trata de elaborar un tema á marxe das fontes propostas, polo que debes referirte a elas na túa redacción.*

#### **Doc.1.-María Teresa de Braganza y Borbón, muller do infante Don Carlos, expón así algunhas das ideas do Carlismo:**

“Relixión, Patria e Rei (...). Rei, digo por último, pero rei pola graza de Deus e non pola graza da soberanía nacional (...). Segundo o liberalismo, da soberanía nacional emana todo o poder e os poderes que existen, negando deste xeito todo poder de orixe divina. Agora ben, isto está condenado pola Igrexa católica e con razón; pois a Escritura sagrada di expresamente: todo poder vén de Deus (...). O liberalismo é puro absolutismo, porque se atribúe a si un poder que non lle vén de Deus, de quen prescinde, nin do pobo soberano, porque a este non se lle concede senón o van e ridículo dereito de depositar un billete nunha urna electoral”.

#### **Doc.2.-Preámbulo da Constitución de 1837:**

“Sendo a vontade da Nación revisar, en uso da súa soberanía, a Constitución política promulgada en Cádiz a dezanove de marzo de mil oitocentos doce, as Cortes xerais, congregadas a este fin, decretan e sancionan a seguinte Constitución”.

#### **Doc.3.-Preámbulo da Constitución de 1845:**

“Dona Isabel II, pola graza de Deus e da Constitución da Monarquía Española, Raíña das Españas, a todos os que a presente viren e entenderen, sabede:

Que sendo a nosa vontade e a das Cortes do Reino regularizar e poñer en consonancia coas necesidades actuais do Estado os antigos *fueros* e liberdades destes reinos, e a intervención que as súas Cortes tiveron en todos os tempos nos negocios graves da Monarquía, modificando ao efecto a Constitución promulgada en 18 de xuño de 1837, vimos (...) en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía Española”.

#### **Doc.4.-En 1860, o republicano Fernando Garrido caracteriza así as máis importantes tendencias políticas do momento:**

“Os moderados representan un paso máis na escala do progreso, non conceden senón a medias o principio da soberanía nacional. Din: o rei ten o seu dereito de ser soberano, dereito histórico e de raza, pero o pobo tamén ten dereito a intervir co rei na xestión dos públicos intereses; e conservando as institucións do absolutismo, líganas o menos mal que poden coas novas, que deben satisfacer os desexos das clases acomodadas, e unha pequena parte das medias.

Os progresistas parten do principio da soberanía nacional, que colocan sobre todos os outros. O rei, segundo eles, éo porque a nación quere que o sexa, e non porque o herdara dos seus devanceiros (...).

Hai unha fracción demócrata que cre posible a amalgama da monarquía e dos principios democráticos, da liberdade individual e da soberanía nacional.

Segue a esta a fracción republicana propiamente dita. A democracia como réxime político quere, segundo vemos nas súas publicacións, no canto do rei, un consello ou xunta federal composta, como en Suíza, por un ou máis membros por cada provincia ou Estado. No canto de dúas cámaras, unha soa. No canto do censo electoral, o sufraxio universal para toda clase de eleccións. Os seus elementos máis activos pertencen ás profesións liberais, aos traballadores e artesáns, e unha parte máis considerable cada día á clase media”.

#### **Doc.5.-As forzas militares mandadas por Prim, Serrano e Topete pronúncianse en Cádiz en setembro de 1868, publicando o seguinte manifesto:**

“Aldraxada a lei fundamental (...), corrompido o sufraxio pola ameaza e o suborno (...), pasto a Administración e a Facenda da inmoralidade (...), muda a prensa (...). Tal é a España de hoxe (...). Queremos que un Goberno provisional que represente todas as forzas vivas do país asegure a orde, en tanto que o sufraxio universal bota os alicerces da nosa rexeneración social e política”.

## **COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)**

### **OPCION 1**

*Os seguintes documentos permiten a realización dunha redacción que teña por tema central as relacións entre a Igrexa e o Estado dende a implantación do liberalismo na década de 1830 ata o franquismo. Dende a inicial confrontación que a liquidación do Antigo Réxime supón, e que exemplifica a desamortización (Doc.1), as relacións Igrexa-Estado serán cambiantes, en función do carácter conservador ou progresista dos distintos gobernos e réximes políticos; en liñas xerais, nos períodos de predominio conservador o poder político favoreceu a Igrexa, facéndolle importantes concesións e buscando o seu apoio (Doc.2), ocorrendo o fenómeno contrario en momentos como a Segunda República (Doc.3). A Igrexa, que non agachou as súas simpatías polo bando sublevado durante a guerra civil, constituiría un dos piares do réxime franquista (Doc.4). Lembra que debes contextualizar os documentos e referirte aos seus contidos ao longo da túa exposición, pois non se trata de elaborar o tema de referencia á marxe das fontes propostas.*

#### **Doc.1.-Desamortización (1836):**

“Art. 1º. Quedan declarados en estado de venda dende agora todos os bens raíces de calquera clase que pertencesen ás comunidades e corporacións relixiosas extinguidas (...)”.

#### **Doc.2.-Concordato entre o Estado español e a Santa Sé (1851):**

“Art. 1. A relixión católica, apostólica, romana, que con exclusión de calquera outro culto continúa sendo a única da nación española, conservarase sempre nos dominios da S. M. Católica con todos os dereitos e prerrogativas de que debe gozar segundo a lei de Deus e o disposto polos sagrados canons.

Art. 2. Na súa consecuencia a instrución nas Universidades, Colexios, Seminarios e Escolas públicas ou privadas de calquera clase, será en todo conforme á doutrina da mesma relixión católica; e a este fin non se poñerá impedimento ningún aos bispos e demais prelados diocesanos encargados polo seu ministerio de velar pola pureza da doutrina da fe e dos costumes, e pola educación relixiosa da xuventude no exercicio deste cargo, mesmo nas escolas públicas”.

#### **Doc.3.-Constitución de 1931:**

“Art. 3. O Estado español non ten relixión oficial (...)”.

Art.26. (...) O Estado, as rexións, as provincias e os municipios non manterán, favorecerán, nin auxiliarán economicamente ás Igrexas, Asociacións, e Institucións relixiosas. Unha lei especial regulará a total extinción, nun prazo máximo de dous anos, do orzamento do clero”.

#### **Doc 4.- Normas para la Escuela Primaria. 1939. Año de la Victoria:**

“O oprobio dunha escola laica rematou. Para formar españois profundos, crentes e patriotas austeros España rexorde, gloriosa, polo esforzo decidido e xigante dos seus fillos, dos que morreron alegremente por ela, dos que por ela se sacrificaron e quixeron renderlle o mellor e máis espléndido da súa vida. A Escola ten que recoller o ambiente heroico das xuventudes guiadas polo Caudillo á vitoria...”

1ª A reposición do Santo Crucifixo marca a apertura do curso (...).

2ª Ademais do retrato do Caudillo, haberá no salón de clase unha imaxe da Virxe, con preferencia da Inmaculada, e en sitio preferente (...).

4ª Á entrada na escola os nenos saudarán co tradicional *Ave María Purísima*, sendo contestados polo mestre: *Sin pecado concebida (...)*”.

## COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)

### OPCION 2

*Tendo en conta os seguintes documentos, aos que debes referirte ao longo da túa exposición, debes elaborar unha redacción sobre a ditadura do xeneral Primo de Rivera, centrándote nos ámbitos político e económico. O golpe de Estado (Doc. 1), aprobado por Alfonso XIII, pon fin ao réxime constitucional e instaura no goberno a un Directorio Militar que será sucedido en 1925 por un Directorio Civil (Doc. 2). Os éxitos militares en Marrocos e un crecemento económico sustentado no nacionalismo e no intervencionismo (Docs. 3 e 4) non puideron evitar a caída do ditador en 1930, enfrontado a unha crecente oposición (Doc. 5) e ao cambio de tendencia na conxuntura económica internacional.*

#### Doc.1.-Manifiesto do xeneral Primo de Rivera (13 de setembro de 1923):

“Españois: Chegou para nós o momento máis temido que agardado (...) de atender o clamoroso requirimento de cantos amando a Patria non ven para ela outra salvación que libertala dos profesionais da política, dos que por unha ou outra razón nos ofrecen o cadro de desventura e immoralidades que comezaron no ano 98 e ameazan a España cun próximo fin tráxico e deshonoroso (...).

Non vimos chorar mágoas e vergoñas, senón poñerlles axiña radical remedio, para o que requirimos o concurso de todos os bos cidadáns. Para iso (...) constituirase en Madrid un Directorio Militar con carácter provisorio encargado de manter a orde pública (...).”

#### Doc. 2.-Proposta de Primo de Rivera a Alfonso XIII para substituír o Directorio Militar por un Directorio Civil (1925):

“En suma, señor, para expoñer o meu pensamento clara e sinceramente, o que propoño a V. M. é a substitución dunha ditadura militar por outra civil e de organización máis axeitada, pero non menos vigorosa. E permítome propoñelo así, recollendo a arela popular, que só teme do cambio de goberno que se debiliten os resortes do mando que foron carácter do Directorio militar, cuxa vida, como xenuína representación do exército e da mariña, que tan patrioticamente ofreceron o prestixio dos seus nomes corporativos a este arriscado labor, non debe levarse a momento de desgaste ou de quebranto; nin tampouco debe subtraerse por máis tempo ao país, na súa representación civil, que é a axeitada e tan manifestamente está da nosa parte, a participación e a responsabilidade na obra de reconstituílo e reeducalo administrativa e politicamente”.

#### Doc. 3.-José Calvo Sotelo, na súa obra *Mis servicios a España* (1931), expón e defende as que foran liñas mestras da actuación económica da ditadura:

“As ditaduras propenden fatalmente ao intervencionismo. O seu omnímoto poder é incompatible coa inhibición (...). O intervencionismo de Primo de Rivera abrangueu a agricultura, a industria, o mesmo comercio (...). Primo de Rivera profesou un entusiasta nacionalismo económico que eu compartín co máis caloroso fervor. Pero o noso nacionalismo mantívose dentro de correctísimos límites. A xuízo do xeneral, España debía nacionalizar unicamente: a) as industrias para as que a primeira materia se obtén no noso territorio; b) as que dentro do ámbito nacional de consumo poden achar mercado suficiente de vida; c) as indispensables para asegurar a nosa independencia política nacional”.

#### Doc. 4.-Incremento da produción en España en diversos sectores, 1922-1930:

	1922	1930
Mineira e industrial (base 1906/13=100)	84,7	144
Enerxía eléctrica (millóns de Kw.)	1.040	2.609
Aceiro (toneladas)	326.136	953.673
Cemento (toneladas)	729.035	1.820.011

#### Doc. 5.-Rematada a ditadura, Ángel Ossorio, que sería deputado nas Cortes republicanas, enxuíza así a situación de España:

“E despois de seis anos longos de Ditadura, ¿que queda en España? (...). Roto o Exército con múltiples sublevacións sucesivas (...); rota a Universidade, coas aulas pechadas (...); rota a Facenda, coa moeda derrubada (...); rota a Xustiza (...).

Todas as forzas lexítimas, rotas; pero, en troques, intactas todas as forzas nocivas (...): o caciquismo en pé, as súas falanxes unidas; o sindicalismo revolucionario, latente e previsto; os extremismos nacionalistas, máis esaxerados que antes; nin un só dos elementos da patoloxía nacional quedaron suprimidos ou atenuados”.

## CONVOCATORIA DE XUÑO

Dado que a proba consiste na composición dun texto, como criterio xeral de avaliación terase en conta a suxección ás pautas básicas que rexen a expresión escrita, esencialmente a precisión léxica, a corrección da sintaxe, a claridade na expresión e a coherencia na exposición das ideas. En canto aos contidos concretos tratados na redacción, e referidos aos documentos presentados, deberían ser abordados os seguintes:

### OPCIÓN 1

-Contextualización da instauración da Segunda República e caracterización básica das forzas que asumen dende o poder a realización desta política de reformas.

-Exposición dos principais ámbitos de actuación, especialmente os reflectidos nos documentos, aludindo ás forzas e intereses aos que se enfrontaron:

a. A reforma relixiosa, en relación coa cuestión educativa, e a posición contraria da xerarquía católica.

b. A reforma agraria, atentatoria contra os intereses dos grandes propietarios agrarios.

c. O recoñecemento da autonomía catalana, extensible a outras nacionalidades históricas, agravio para os defensores da “unidade de España”.

-A confrontación constante entre posturas reformistas e progresistas por unha banda e conservadoras e tradicionalistas pola outra como esencial na evolución da República; a este respecto é pertinente que se mencionen etapas posteriores ao bienio reformista, e

mesmo que se aluda a unha Guerra Civil que ten a súa razón de ser nesta mesma conflictividade.

### OPCIÓN 2

-O carácter convulso e inestable da vida política durante o reinado de Isabel II, exemplificado na frecuencia coa que se produciron cambios de goberno á marxe dos mecanismos electorais, nos diferentes textos constitucionais elaborados ou no propio final da monarquía isabelina, salientando o papel político xogado polo Exército ao longo do período.

-As formas que reviste a confrontación política: guerra, eleccións, pronunciamento militar.

-O espectro político, coa caracterización básica das distintas propostas ideolóxicas, e que abrangue non só ás forzas integradas no sistema (moderados e progresistas), senón a aquelas que o doutrinarismo liberal deixa fóra: carlistas por unha banda, demócratas e republicanos pola outra.

-O predominio do moderantismo, con longas etapas de permanencia no poder, e exemplificado na Constitución de 1845 ou outras medidas significativas (fundación da Garda Civil, Concordato...), fronte a períodos máis breves de progresismo, nos que sen embargo se adoptan medidas de notable relevancia (desamortizacións, lei de ferrocarrís...).

-As circunstancias que conflúen no derrocamento da raíña, tratando tanto as forzas sociais e políticas que o pulan como a fórmula utilizada

## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Dado que a proba consiste na composición dun texto, como criterio xeral de avaliación terase en conta a suxección ás pautas básicas que rexen a expresión escrita, esencialmente a precisión léxica, a corrección da sintaxe, a claridade na expresión e a coherencia na exposición das ideas. En canto aos contidos concretos tratados na redacción, e referidos aos documentos presentados, deberían ser abordados os seguintes:

### OPCIÓN 1

-As relacións Igrexa-Estado como asunto recorrente na historia da España Contemporánea, cun tratamento cambiante en función da maior ou menor sintonía política entre as dúas partes.

-A desamortización de Mendizábal entendida como ruptura co Antigo Réxime neste ámbito, comentando a perda de poder económico e político que implica para a Igrexa e a confrontación entre esta e o novo Estado liberal.

-O Concordato de 1851, como mostra de reconciliación entre Estado e Igrexa pulada pola hexemonía do moderantismo durante o reinado de Isabel II.

-A instauración dun Estado laico en 1931 como acentuación do conflito e –en relación coas reformas noutros ámbitos- factor explicativo da postura da Igrexa a prol dos sublevados en 1936.

-O peso da Igrexa na conformación do franquismo e a posición de privilexio que ocupará durante a ditadura, exemplificada no abandono dun sistema educativo laico.

### OPCIÓN 2

-O golpe de Estado, consentido polo monarca, como intento de “solución” á longa crise do réxime restauracionista.

-Os fundamentos ideolóxicos, políticos e institucionais da ditadura primorriverista. Directorio militar e Directorio civil.

-As bases do crecemento económico: conxuntura internacional, intervencionismo estatal e nacionalismo económico.

-A caída do ditador: inicio da crise económica, perda de apoios e incremento da oposición política.

-É pertinente aludir á inminente caída da monarquía borbónica.